

## **PLAN DE ACTIVIDADES 2010**

Aprobado polo Consello de Goberno do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia o 17 de decembro de 2009.

O Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia desenvolve fundamentalmente a súa actividade de apoio ás universidades galegas, nos seguintes ámbitos de actuación:

### **1.- Servizos de apoio á investigación que se está a desenvolver na nosa comunidade autónoma:**

1. Contratación de recursos electrónicos de interese común ás tres universidades galegas: Bases de datos referenciais, libros electrónicos, revistas electrónicas e portais e servizos de información.
2. Estudos de avaliación da nosa colección de recursos electrónicos: estudos de usuarios, de uso do e-recursos, de consumo de información,...
3. Carga e análise da produción científica dos usuarios do CESGA 2009
4. Soporte técnico aos Centros Tecnolóxicos no acceso aos recursos electrónicos contratados por Bugalicia (acceso dende 2/12/2009)
5. Estudio tributario dos servizos de acceso aos recursos electrónicos de Bugalicia para ser considerados gastos de investigación e posibilidade de devolución do IVE
6. Realización de estudos de indicadores bibliométricos da produción científica de Galicia baixo demanda, solicitado por algún dos membros do Consello de Goberno de Bugalicia

### **2.- Servizos de apoio ás TIC nas bibliotecas:**

1. Soporte técnico ao acceso aos recursos electrónicos contratados a través do Consorcio
2. Mantemento dos listados dos revistas electrónicas contratadas a través do Consorcio.
3. Mantemento da aplicación SFX : actualización mensual do sistema e actualizacións periódicas dos recursos contidos na web.
4. Mantemento de Metalib en Bugalicia e actualizacións periódicas de KB de Metalib
5. Administración do servidor de SFX/Metalib: Control do servidor, actualizacións do Oracle, backup, etc..

**3.- Servizos de apoio a formación continuada do persoal bibliotecario galego organizando** cursos específicos de especial interese para os profesionais das bibliotecas universitarias.

- Organización das xornadas anuais do Grupo español de usuarios de de SFX/Metalib, que se van celebrar en Santiago de Compostela os días 27 e 28 de maio do 2010.

**4.- Colaboracións noutras iniciativas bibliotecarias.**

**1. No ámbito galego:**

- Colaboración coa Rede de Centros Tecnolóxicos de Galicia
- Colaboración cos Centros de Investigación dependentes da Xunta de Galicia
- Colaboración co Servicio Galego de Saúde (SERGAS) da Consellería de Sanidade
- Colaboración coa Biblioteca de Galicia da Cidade da Cultura dependente da Consellería de Cultura

**2. A nivel nacional:**

- Colaboración coa Asociación Expania (grupo de usuarios de SFX/Metalib)
- Colaboración cos Consorcios de Bibliotecas Universitarias doutras Comunidades Autónomas
- Colaboración coa FECYT